

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 25 DE

MARZO DE 2011

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas do día vinte e cinco de marzo de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, don José Antonio Baamonde López e dona M^a Jesús Vieites Mariñas, concelleiros non adscritos.

Non asiste, con escusa, don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Proposta de solicitude das axudas Feder 2007-2013 para desenvolvemento local e urbano, convocadas por Resolución do 18 de febreiro de 2011, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de marzo de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 24 de marzo de 2011.

Faise constar que detectado un erro material no cálculo do importe da subvención a solicitar dentro das axudas Feder 2007-2013, no día de hoxe elaborouse unha proposta de modificación da proposta ditaminada en comisión informativa.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que lles acaban de entregar a modificación da proposta ditaminada en comisión informativa e solicita que se explique, xa que non tiveron tempo de estudala e comparala coa

anterior.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que lle gustaría saber se estas obras se van licitar nesta lexislatura ou se van quedar para licitar pola próxima corporación.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que o proxecto está en marcha. Teñen que adxudicalo canto antes, porque teñen 800.000 euros da Deputación, e por iso a tramitación vai seguir, se chegan eles, chegan, e senón, será a vindeira corporación. Di que probablemente non dea tempo, xa que hai que facer toda a tramitación, pero van iniciala unha vez terminado o pleno de hoxe.

Don Manuel Marante Gómez pregunta se a licitación desta obra vai pasar por pleno ou se vai pasar por unha mesa de contratación normal e corrente.

O Sr. alcalde contesta que imaxina que irá á mesa de contratación, pero que tamén a traerán ao pleno, xa que é unha obra de moita envergadura.

Don Manuel Marante Gómez di que, entón, ten que aprobar a licitación o pleno, e que iso vai influír no seu voto, xa que se vai abster, o mesmo que fixo xa na anterior fase, para que non se perda o diñeiro, pero co compromiso de que sexa a próxima corporación a que dispoña dese diñeiro, para que faga o que considere oportuno, levala para adiante, ou non levala.

O Sr. alcalde manifesta que iso non pode ser. Eles o que aproban é incluír a Casa da Cultura aproveitando os fondos FEDER, se iso se aproba, o proxecto segue en tramitación, e o executará quen sexa, pero o diñeiro vai para iso.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el está de acordo niso, xa dixo noutro pleno que estaba de acordo en absterse para facilitar que seguisen coa tramitación dese tema e que non se perderan os cartos, e agora di o mesmo, pero o que dende logo non quere é que a obra se licite por esta corporación, o que quere é que sexa a outra a que a licite, que decida se renuncia á subvención ou se quere facer esa obra.

Conclúe dicindo que coa súa abstención, neste caso, pretende facilitar que non se perda ese diñeiro, pero que sexa a vindeira corporación a que decida se o leva a cabo ou non.

O Sr. alcalde sinala que xa lle di de antemán que non, que este é o proxecto que se aproba polo pleno no que están. Hai un financiamento e vaise levar a cabo, probablemente non lles dea tempo a eles, pero o sistema administrativo ten que continuar porque a corporación que está agora non vai arriscarse a perder esa cantidade de subvención. Están falando de máis de 3 millóns de euros, dos que o concello non vai gastar nin 300.000, é dicir, que van ter un edificio de moita envergadura totalmente gratis e el pensa que non se deben arriscar, nin o van facer. É un proxecto que segue o seu trámite, como outros moitos que hai.

Conclúe dicindo que tamén queda unha cantidade de diñeiro, que ía incluída no orzamento, que non se vai tocar, con iso a nova corporación fará o que crea que debe facer.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro non adscrito, manifesta que a modificación que se propón hoxe, como pon no papel que acaban de entregar aos Sres. concelleiros, é debida a un erro material que se detectou na suma do cálculo total das cantidades. A diferenza é duns 6.000 euros nas cifras finais. Na proposta inicial figuraban, aproximadamente, 1.918.000 euros, e agora son 1.926.000, é unha diferenza duns miles de euros que se reparten coa mesma porcentaxe de financiamento, 70% fondos FEDER, 30% fondos municipais. Foi unicamente esa consideración.

Respecto do outro, a el gustaríalle precisar que o proxecto da Casa da Cultura foi aprobado en pleno e, polo tanto, vai ser o pleno tamén o órgano de contratación para ese proxecto, é dicir, o prego de prescricións que vai iniciar a licitación ten que ser aprobado polo pleno. O que se vai facer é inicialo, o único que se está agardando é a ter a autorización do Orzamento xeral, coa súa aprobación definitiva. Os prazos para a adjudicación definitiva non os sabe, non sabe se o vai facer esta corporación, aínda que non cre que dea tempo, seguramente o fará a seguinte, pero, en todo caso, é o pleno o que vai aprobar o prego que fará referencia a un proxecto que xa aprobou tamén este pleno a finais do mes de decembro ou principios de xaneiro.

Conclúe dicindo que o que hai que facer é que a maquinaria continúe porque se non se fai así, todas as modificacións e as autorizacións que obtiveron para modificacións de prazos non van servir para nada e acabarán perdendo ese diñeiro. El cre que a responsabilidade da corporación, do pleno no seu conxunto, é que, unha vez aprobado, cunha decisión tomada de maneira soberana polo pleno, se continúe adiante, logo, a adjudicación definitiva farase por esta corporación se dá tempo, ou será a próxima se vén o cambio polo medio, pero iso non ten ningún problema, o que si vai aprobar o pleno é o prego de prescricións.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que o seu grupo, como xa dixo onte nas comisións, está disposto a votar a prol desta proposta, pero tamén, como ben dixo o Sr. Iglesias nas comisións informativas, un dos puntos que se vai a valorar polo ministerio para conceder a subvención será o nivel de consenso que se acade neste pleno que están a celebrar hoxe. Pola súa parte están dispostos a ofrecer ese consenso, a ofrecer o seu voto favorable, pero é evidente que non o van facer a calquera prezo.

Di que como vén sendo habitual durante toda a lexislatura, e sobre todo dende o pacto de goberno, as medidas ou as propostas que se traen a este pleno tráense sen contar en absoluto cos membros da oposición, xa non é só que non se consensúan as cousas, senón que nin sequera se dialogan. Di que é bastante complicado acadar un consenso

cando as propostas que se traen ao pleno nin sequera se lle ofrecen á oposición antes da convocatoria. Aínda así, eles están dispostos a achegar o seu gran de area para acadar un consenso, pero é evidente que se quere acadar un consenso, todos os grupos que voten a prol van ter que ceder algo. El cre que o PP foi moi claro neste tema da Casa da Cultura, cando se aprobou o proxecto en decembro, votaron en contra do proxecto porque non crían nel. Eles queren unha Casa da Cultura de primeira, non de terceira división, que é a que se aprobou no mes de decembro. Non están de acordo, tampouco, coa situación física, recentemente volveron consultar o proxecto e viron que incluso o acceso para os discapacitados está no sitio máis inaccesible da Casa da Cultura que se podería construír, habería que subir toda a costa para que un discapacitado puidera acceder ao edificio e, ademais, esa Casa da Cultura vai estar encaixada entre dous edificios e un terraplén, polo tanto eles non cren nesa Casa da Cultura.

Tamén lles parece un desbaratamento enorme de recursos, dálles igual que o pague o Concello de Cambre, que o pague o ministerio, que o pague a Unión Europea, é un desbaratamento enorme de recursos, que non só non vai mellorar nesta situación de crise as expectativas económicas nin de emprego, nin os problemas que existen en Cambre, como en toda España, senón que os vai empeorar. Vainos empeorar porque esta solución que se lles propón, que se aprobou co voto en contra do PP no mes de decembro, non prevé a construción de ningunha praza de aparcamento, nin subterránea nin non subterránea, non se propón ningunha praza de aparcamento. O PERI que se aprobou para ese ámbito prevía a construción dunha rotonda, esa rotonda en teoría debería estar construída, e esa rotonda non está construída a data de hoxe, iso vai provocar que a Casa da Cultura, se algún día se chega a inaugurar no sitio no que está, vai empeorar considerablemente o tráfico no centro de Cambre, e iso como consecuencia vai traer que o acceso ao centro de Cambre sexa moito máis difícil. A xente vai deixar de vir ao centro de Cambre, e iso vai prexudicar directamente a todos os comerciantes.

Polo tanto, di que o grupo municipal do PP non pode compartir esa Casa da Cultura, pero, aínda así, e a pesar de todas esas trabas, están dispostos a que se realice un investimento de case 2 millóns de euros, pero, como tamén dixo antes, non a calquera prezo. Como expuxeron nas comisións informativas de onte, están dispostos a solicitar esa subvención, e que a gran maioría do investimento se destine á Casa da Cultura, sempre que se acolla unha proposta do grupo popular, a única que fan, que se destine unha parte deses fondos á rehabilitación das sendas peonís do río Mero. Efectivamente, xa se dixo onte, hai informes técnicos contrarios, pero que se basean única e exclusivamente en que a propiedade dos terreos depende da Xunta. Para acadar que a Xunta ceda os terreos o primeiro que hai que facer é pedilo, e dende 2007, que foi cando se aprobou o Plan Arume, nin o goberno que estaba antes, nin o goberno actual, lle solicitou á Xunta a cesión dos terreos, polo tanto, difícil vai ser que a Xunta lles ceda uns terreos sen antes solicitalos. Di que ese é o único requisito para que os informes técnicos que din que hai, xa non sexan un impedimento para que se realice esa actuación da senda peoníl. A súa proposta é coller a mesma folla, a ficha de actuación n.º 5 do Plan Arume que se solicitou no ano 2007, coller a ficha e incorporala a este novo Plan

“Enxeño”.

Conclúe dicíndolle ao equipo de goberno que se aceptan esa proposta, terán o voto favorable do PP, e terán o consenso necesario para que lles concedan as axudas, se non o aceptan e prefiren pasar o rolete, eles saberán.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que se lles presenta un novo proxecto, complementario do Arume, no que se van a investir sobre 1.920.000 euros, para executar a 2ª fase da Casa da Cultura e crear unha aula de novas tecnoloxías. Di que o seu grupo, xa con anterioridade, coa súa abstención, facilitaron a modificación do cronograma do proxecto Arume, co único obxectivo de permitir que non se perdera un diñeiro, unhas subvencións, pero discrepando profundamente nos investimentos concretos, como é neste caso a Casa da Cultura. Posteriormente, trouxéronse uns orzamentos baseados basicamente en investimentos na Casa da Cultura, e que o seu grupo rexeitou por dúas cuestións fundamentais, a primeira porque dalgunha maneira estase hipotecando, como xa se dixo con anterioridade, a capacidade futura que pode ter a nova corporación, o novo goberno, de facer investimentos en Cambre que EU-IU considera de moita importancia, iso sen sacarlle importancia á Casa da Cultura, que consideran que é unha obra pública importante, que se debe facer. No que discrepan é en que, ao mellor, este non é o momento máis propicio para executar esa obra, porque ese diñeiro vailles privar de facer investimentos noutro tipo de instalacións e servizos que pode ter Cambre.

Onte xa dixo que este proxecto para eles vén un pouco coxo, porque debería contar con máis proxectos e así a nova corporación tería a posibilidade de apostar polo proxecto máis axeitado. Con isto cúrtase a capacidade de xestión da nova corporación e do novo goberno, e eles non están dispostos a que sexa así, por conseguinte, o seu voto vai ser en contra, iso se non hai outros proxectos complementarios, como pode ser a renovación das luminarias do concello, a construción de sendas peonís, a construción de dotacións para as parroquias e outros proxectos, como xa dixo onte.

Concedida a palabra a dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que para ela non ten sentido esta proposta, xa que a definición da política cultural de Cambre xa non lle corresponde a este equipo de goberno que ten dilapidado o tempo e o diñeiro sen facer nada de nada. Dilles que o seu tempo xa pasou e no tempo no que están debe ser o próximo goberno municipal quen defina a súa política cultural, tanto no seu sentido amplo, como en infraestruturas necesarias para iso. Con esta proposta amosan, unha vez máis, que o único que lles preocupa da cultura é a foto da inauguración ou da primeira pedra. Insisten en construír a Casa da Cultura, pero non hai un plan integral ou estratéxico de cultura, non se prevé persoal especializado nin orzamentos para o seu mantemento e para o desenvolvemento dos programas culturais. Cambre actúa como un reino marxinario, como unha illa, sen ningunha relación cos servizos municipais da comarca.

Conclúe dicindo que tería sido necesario unha mínima planificación, é dicir, poñerse a

pensar un pouco máis as cousas antes de facelas, pero en lugar diso atópanse coa clamorosa ausencia de políticas culturais, de plans municipais de cultura definidos, falta un concepto máis amplo e transversal da cultura. A cultura deberá ocupar unha posición estratéxica de centralidade e transversalidade no municipio, na medida en que queiran crear marcos que fagan posible a convivencia e o pluralismo cultural.

Sinala que mentres iso non ocorra, ela non vai colaborar tampouco nesta ocasión cunha decisión que coarta, sen dúbida, a capacidade de actuación do futuro goberno local, e non vai colaborar coa actuación dun goberno municipal absolutamente deslaxado, politicamente e moralmente, polo tanto o seu voto é negativo á proposta.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que nesta lexislatura deuse un paso importante para moitas cousas, cando se instalou o sistema de megafonía que recolle en gravación de audio todas as intervencións. El agarda, porque aínda que evidentemente non era unha prioridade, así o acordaran no acordo de goberno que fixeron a metade de lexislatura, agarda que na próxima lexislatura sexa unha prioridade instalar tamén un sistema de televisión, e que, aínda que sexa por medios non totais, pero polo menos vía internet, poidan ser retransmitidos os plenos da corporación para que non só as persoas máis interesadas, os que son habituais a estas sesións, poidan vir a escoitalo en directo, ou lelo nas actas que se publican, senón que tamén poidan ver en directo o tipo de cousas, o tipo de argumentacións e o tipo de intereses que todos os que están aquí representando aos veciños e veciñas de Cambre teñen a vontade de dicir, porque realmente, cada día que pasa e cada día que se achega a data das eleccións municipais comproba que hai unha maior falta de rigor, unha maior perversión nas argumentacións, e unha maior frivolidade á hora de interpretar os papeis que están escritos, os informes, as propostas, as leis, as ordenanzas, e todo o que aquí se trae para debater, con total e absoluta falta de rigor. O que se demostra, na maioría dos casos, ao seu modo de ver, é que o único obxectivo e a única guía que ten algunha xente que forma parte desta corporación, e que polo que se ve publicamente pretende continuar na próxima, son única e exclusivamente os seus intereses partidistas, e non os intereses dos veciños.

Dille ao Sr. Andreu, como voceiro do PP, que de verdade lle recomenda que vote en contra, porque despois da definición que lles fixo do proxecto da Casa da Cultura preguntalle como vai entrar nunha vía de consenso. Dixo que non sabe a que prezo, pero o prezo tamén o mencionou despois, a cambio de que fagan as obras que ten que facer a Xunta de Galicia no río Mero. En todo caso, despois da definición que fixo do que é o proxecto da Casa da Cultura, aínda di que se podería consensuar. Dille que a xente, os veciños e veciñas de Cambre van pensar que se vende a cambio de algo, porque se el, persoalmente, tivera claro que o proxecto da Casa da Cultura é todo o que o Sr. Andreu definiu antes, entón tamén tería clarísimo que ten que votar en contra.

O concelleiro popular dixo que ía quedar encaixonado entre dous edificios, que non é accesible para minusválidos, que é unha Casa da Cultura de terceira división, aí, e sen entrar en divisións, porque ademais a terceira división xa non existe, dille ao Sr. Andreu

que a el tamén lle gustaría que fose máis grande, e nese punto o goberno municipal lamenta que non houbera unha colaboración leal do PP, xunto co goberno popular da Xunta de Galicia, para que, efectivamente, se puidera gastar 1 millón de euros máis no proxecto para que fora unha Casa da Cultura mellor, porque sempre se pode facer mellor, evidentemente. Di que as reducións que houbo que facer foron debidas á capacidade orzamentaria, porque o Concello de Cambre non tiña capacidade por si mesmo de afrontar un financiamento desa envergadura. Aí foi unha mágoa que non colaboraran.

Continúa dicindo que o PP ten unha contradición importante que debe resolver en poucos minutos, porque mesmo que queiran entrar en vía de consenso, el cre que ía ser moi dificilmente xustificable que cambiaran o seu voto despois da descrición que fan dun proxecto tan negativo, tan mal deseñado, tan mal situado no sitio no que se vai situar que, por certo, é o centro da poboación, en liña co que as directrices europeas, que son as que lles van dar diñeiro para este proxecto, indican sobre onde se teñen que facer os equipamentos deste tipo nas cidades, como se ten que ocupar o territorio para evitar, precisamente, a dispersión e a ocupación irracional de territorio, e din que hai que facelas nos centros urbanos.

El tamén lles diría que, efectivamente, hai un problema, cantas máis cousas haxa evidentemente aumentan os problemas de densidade do tránsito, de circulación de persoas,....., pero os traballos do Plan Xeral están contratados, e antes de dous anos ten que estar o Plan Xeral aprobado, presentado nesta corporación para a súa aprobación ou non. Esas cousas haberá que solucionarlas vía planificación urbanística, aí hai unha oportunidade boa para ir solucionando de maneira paralela o deseño do funcionamento dos tránsitos e da circulación no centro urbano de Cambre xunto coa construción da Casa da Cultura, ademais van coincidir no tempo. Supón que a responsabilidade da próxima corporación terá en conta non só un problema, senón que terá en conta moitos, para adoptar solucións múltiples e variadas que, máis ou menos, dean solución ás diferentes cousas que se presentan. Imaxina que a xente que se presenta ás vindeiras eleccións municipais, a xente que vai formar goberno, terá esa capacidade de resolver varios problemas a un tempo, porque senón, mal están.

Continúa dicindo que, enlazando un pouco co que se dicía ao principio, hai unha cuestión que é importante, e se len a convocatoria, porque os papeis da convocatoria do FEDER están aí, poden ver que unha das condicións que poñen é que, polo menos o 50%, das obras financiadas polo novo fondo teñen que estar adxudicadas antes de que remate o ano. O proxecto de Cambre encaixa nos obxectivos do Plan Feder ao que presentan a solicitude, en case todos os cinco ou seis eixes de financiamento que propón Europa, cumpren e entran practicamente en cinco deles, mesmo nun no que non entraban claramente, introduciron unha aula TIC, de tecnoloxías de información e de comunicación para que encaixe. É moi pouco diñeiro e supón que ninguén negará que iso é necesario na sociedade na que viven.

Ademais de encaixar nos eixes de financiamento, tamén cumpren co requisito do 50%,

aínda que non vai ser o 50 senón o 100%, o que estará adxudicado antes de que remate este ano. Encaixa, ademais, en que é un proxecto que cofinanciaría unha anterior achega de diñeiro europeo, e iso enlaza perfectamente coa filosofía dos fondos europeos. E por riba, aínda que todo iso non fora así, el cre que enlaza cunha cousa que considera fundamental, que é a cultura e a dinamización sociocultural que se necesita no Concello de Cambre.

Este proxecto, que sen ningunha dúbida podería ser mellor se houbera máis diñeiro, non é para comezar a facer cultura, non é para que de súpeto o goberno municipal de Cambre deseñe políticas culturais tal e como se comentaba nun exercicio de redacción que escoitaron hai un momento. Hai moitos anos que aquí se vén facendo actividade cultural e sociocultural, con actividades que levan consolidadas moitísimos anos e que imaxina que a ningún goberno, da cor que sexa, se lle vai ocorrer eliminar. Non é só o certame de pintura, son todas as actividades culturais que se fan ao redor das bibliotecas, e hai datos e hai cifras que se poden ver e que se poden tocar, dos usuarios, de todas as actividades de animación á cultura, de cantidade de cousas que se teñen que facer noutros sitios, en precario, por exemplo no teatro que amablemente a Xuventude de Cecebre lles presta ás veces, porque non hai ningún salón no resto do concello, de titularidade pública, que poida albergar ás 280 persoas que collen alí sentadas. Todas esas cousas se están facendo xa, e o que se necesita é un continente para albergalas, e podería ser mellor, pero este non está mal, el cre que é un bo comezo.

Ademais, hai factores dende o punto de vista da sostibilidade do proxecto que hai que ter en conta, porque nalgún momento alguén vai dicir, ou xa dixo, o que vai custar manter aquilo, e claro que é así, é un problema de apostas dos gobernos e das corporacións que son os que deciden onde se gasta o diñeiro. El supón que non haberá que gastalo todo en farois de iluminación pública, que por certo haberá que comezar a reducir tamén, e así o están facendo, haberá que gastar tamén en cultura, xa non fala de chegar ao 7% do orzamento corrente municipal, que son as recomendacións europeas, estatais e galegas, xa sabe que non van chegar a iso, pero polo menos intentar camiñar cara a iso, e facéndoo nun edificio coas características suficientes.

Continúa dicindo que falou antes da sostibilidade, e agora mesmo, practicamente o cento por cento do que se fai en recinto pechado na capital do concello, tense que facer nun edificio que comparten co centro de saúde, fala da biblioteca central e da sala de exposicións. Un edificio que é necesario ampliar para servizos sanitarios. Son unhas instalacións que se usan para cultura e que teñen unhas limitacións de espazo, cre que evidentes para todo o mundo, e limitacións técnicas para desenvolver moitísimas das cousas que habería que facer alí, e hai unhas barreiras arquitectónicas que son evidentes, trátase dun primeiro andar e hai que subir escaleiras para chegar, sen posibilidade de arranxalo.

Sinala que eliminando a biblioteca central e a sala de exposicións de onde están agora, poderían iniciar a tramitación para traspasar o centro de saúde ao Sergas, cederllo, e que comezara a ser o Sergas, é dicir, a administración autonómica a que pagara os

aproximadamente 100.000 euros anuais que lle custa ao Concello de Cambre o seu mantemento. Paga o concello e debería estar pagando a administración autonómica, calefacción, mantemento da calefacción, mantemento das instalacións eléctricas, auga, limpeza, enerxía, etc., aproximadamente 100.000 euros que se están gastando alí, probablemente máis se se repasa ben toda canta factura se paga con referencia ao centro de saúde. Iso deixaríase de gastar e pasaríase a gastar no novo sitio.

El cre que dende o punto de vista da sostibilidade ambiental e financeira é un bo proxecto. Está situado no centro, e haberá que ordenalo co planeamento urbanístico que está en marcha, xa contratado e no que están traballando para solucionar os problemas de conformación urbana e de estrutura urbana que ten o concello, que son moitos. Se cadra tamén se pode propoñer que se elimine a actuación do Campo da Feira, porque efectivamente aí vai provocar problemas de aparcamento, pero el cre que o mellor é non obviar os problemas, senón afrontalos e buscarlles solucións, e cada cousa haberá que facela no seu momento.

Cando presentaron o proxecto para aprobación, e cando debateron o documento de orzamentos, efectivamente saíu que o compromiso de dotación orzamentaria para a Casa da Cultura condicionaba de maneira moi importante os orzamentos municipais dos vindeiros anos, fundamentalmente dos anos 2012 e 2013, pero anunciaron tamén que ían buscar unha solución alternativa, precisamente en relación a esta convocatoria, para evitar esa hipoteca, entre comiñas, dos orzamentos municipais.

Anunciaron que a ían traer, din os grupos da oposición que sen diálogo, el non sabe se é consenso ou diálogo, el ten a acta que lle deron hoxe e precisamente hai unha semana e catro horas convocouse aos voceiros dos grupos municipais para informarlles da previsión do goberno de traer a pleno esta proposta, previsión que xa se anunciara no pleno que debateu os orzamentos de hai un mes ou mes e pico. Nese momento non houbo ningunha achega sobre os contidos que debería levar a proposta de solicitude de subvención, non houbo ningunha, el lembra que ata dixo que se podía propoñer o nome do proxecto, ao final buscaron un, “Enxeño”, pero podía ser outro, non había ningún problema. Ata o nome do proxecto se preguntou, e ata onte nada, á última hora da tarde, na comisión informativa, cando lles dixeron que había un prezo. Di que hai cousas que teñen prezo e outras que non, el cre que iso é un prezo para cambiar o voto, que sería o tema das sendas do río Mero, tema este no que el xa non se vai estender porque cre que está suficientemente aclarado.

En todo caso, di que o proxecto da Casa da Cultura está aprobado inicialmente no programa Arume, cos votos a prol, por certo, do PP, xa que os que votaran en contra foran outros, precisamente indicando, como poden ver na acta, e non é a primeira vez que llelo lembra, cales eran as razóns da votación, e eran, precisamente, a inviabilidade dalgunha das actuacións que figuraban no programa, entre elas a da senda de comunicación a través das sendas do río Mero entre os núcleos urbanos, que era o que figuraba alí, como logo se demostrou, con advertencias, mesmo, ata de poder incorrer en prevaricación en caso de gastar diñeiro público en espazos que non son de

titularidade municipal.

Di que aquí é evidente que cada quen vén facer o discurso político que ten prefixado, e agora é difícil que se aparten del, porque seguramente xa os folletos están na imprenta, e as comunicacións públicas xa están enviadas á prensa, e é complicado.

Conclúe dicindo que o que propoñen non é nada, e que onte xa lles preguntou exactamente cal era a proposta, canto custa e como se vai facer, como se vai xestionar para que de aquí ao día 1 se poida incorporar a este proxecto, envíalo ao ministerio.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que a proposta está escrita.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que, entón, está escrita pero que a ten o Sr. Andreu.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que formaba parte do Plan Arume como ficha n.º 5.

O Sr. Iglesias Oviedo sinala que iso ten uns informes técnicos dos que o PP é coñecedor, polos que houbo que retirar ese proxecto, porque era inexecutable e inviable, e o grupo municipal popular o coñece perfectamente, poden seguir a marear a perdiz, pero el remata xa, porque pensa que cada quen vén coa súa posición prefixada e é inútil argumentar. El pensa que hai falta de rigor, cre que hai discurso partidista, pero no sentido pexorativo, porque pensa que o discurso partidista é absolutamente lexítimo, pero neste caso é partidista porque unicamente busca levar a auga para o seu muíño, non se está buscando o interese xeral, utilízanse argumentos revirados e falsos e faltos de rigor. Propóñense cousas que son inexecutables, que son inviables, pero todo vale con tal de que o discurso político de cada quen quede ben, e teñan frases con catro palabras, non máis, porque senón sería complicarse a vida, para que queden ben como titulares nos medios de comunicación. É o único que se busca, esa é a proposta de corporación que lle espera a este concello e realmente a el, polo menos persoalmente, parécelle lamentable, por iso dicía ao principio que é unha mágoa que ademais da gravación en audio que queda para a historia, ou que logo vai aparecer en papel, como agarda que sigan aparecendo as actas dos plenos na web da corporación, que a xente non puidera ver en directo estas cousas, para ver claramente o retrato de cada un dos que falan, o tipo de argumentos que utilizan, e o tipo de intereses aos que obedecen.

Conclúe dicindo que esta é a proposta que se anunciou, esta é a proposta na que non hai ningunha achega doutros grupos porque ningunha achega se fixo, esta é a proposta viable, e esta é a proposta que conseguirá que Cambre, por fin, teña un espazo cultural adecuado ás súas necesidades, aos seus intereses e aos seus desexos, e que será ademais a proposta que conte con todos os avais posibles para poder ser financiada, a proposta que libere ao orzamento municipal da carga que lle podía supoñer ter que financiar o 30% desa obra, é máis, unha vez que se concrete o convenio acordado coa Deputación, non van ser nin sequera 300.000 euros, van ser menos, practicamente o Concello de

Cambre non vai ter que poñer un peso para a construción desa infraestrutura, aínda que supón que, ao mellor, hai xente á que iso lle dá igual, a outros non, e por iso fixeron esta proposta e, en todo caso, é o pleno o que ten que tomar a decisión.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro non adscrito, manifesta que quere apoiar o proxecto presentado. Pensa que é unha carencia histórica no municipio de Cambre e non só está de acordo co proxecto, senón que pensa que todo investimento que veña para Cambre debe ser ben recibido. Ademais liberará unha boa cantidade de diñeiro das arcas municipais que estaban hipotecadas para os vindeiros anos. Por todo isto o goberno municipal ten o seu apoio neste asunto.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que se trata de discursos longos, retóricos e probablemente moi demagóxicos, e di demagóxicos simplemente por un dato moi sinxelo, porque o plan Arume foi aprobado pola corporación no ano 2007, no segundo trimestre do 2008 estaba concedida a axuda, entre 2008 e 2011 o goberno municipal non fixo absolutamente nada por construír a Casa da Cultura, tendo os fondos á súa disposición non fixo absolutamente nada. O proxecto que se aprobou no mes de decembro ten un prazo de 33 meses de execución, se tiveran iniciado as obras a mediados de 2008, como tiña que ter sido, hoxe non estarían falando disto, hoxe estarían falando da inauguración da Casa da Cultura, polo tanto, pide que o Sr. Iglesias non lles diga que isto para el é unha prioridade, porque leva dous anos neste goberno e non fixo absolutamente nada para que, polo menos, a Casa da Cultura, comezara a construírse dentro do seu mandato. Di que o que están intentando provocar é que o próximo goberno teña as mans atadas e non poida tomar absolutamente ningunha decisión en toda a lexislatura. Están hipotecando o futuro de Cambre e, como xa lles dixo onte, non teñen ningunha garantía de cobrar a subvención da Deputación, absolutamente ningunha, e non teñen ningunha garantía de cobrar esta subvención. Se non se cobra ningunha das dúas, á próxima corporación vaille quedar unha hipoteca de máis de 2 millóns de euros que terá que afrontar con recursos propios, e xa lles dirán como van facer para pagalo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que está moi claro que aquí hai unhas posicións diferenciadas e, por certo, encontradas. Proximamente está previsto que esta corporación, non sabe se neste mes ou no próximo, aprobe unha ferramenta moi importante como é o Regulamento de participación cidadá, este regulamento ten moi presente aos veciños e veciñas de Cambre, e contempla o dereito a facer unha consulta popular. Aí é onde hai que preguntar ao pobo de Cambre, para saber se realmente queren a Casa da Cultura, ou prefiren outro tipo de investimentos. Pide que lle dean, mediante esa ferramenta, a oportunidade ao pobo de definirse e que sexan eles os que digan as súas preferencias.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que, de forma breve, porque é evidente que uns falan máis que outros, e o Sr. alcalde pode curtarlle cando considere oportuno, quere dicir que, evidentemente, o feito de que o Sr. Andreu considere o seu discurso demagóxico, el o considera normal, se cadra el non o considera

así e outras persoas tampouco, pero ademais ten un erro, o Arume non se aprobou no ano 2007, aprobouse no 2008, e el, como concelleiro responsable de parte dos proxectos, entrou en contacto con eles a partir de agosto do ano 2009, e vaille recordar tamén que recentemente recibiron a comunicación do ministerio concedéndolles dúas cousas fundamentais que pediran, unha delas a reprogramación de tempos, as prórrogas para executar diferentes proxectos, e outra, a libranza de anticipos sobre o diñeiro concedido. Chegou a comunicación formal o día 4 de febreiro, cre que foi o mesmo día que estaban alí celebrando o pleno dos orzamentos, e precisamente unha das razóns que lles dan para concedelas é que o nivel de execución do programa Arume aconsella resolver favorablemente a petición do Concello de Cambre. Non sabe se iso será demagórico, probablemente tamén no ministerio, á vista das cifras que lles pasaron dos informes de execución de todo o conxunto do proxecto, tamén sexan demagóricos e, polo tanto, conceden as prórrogas e conceden anticipos sobre o financiamento concedido, tamén por demagogia, pero, en todo caso, os datos dos informes auditados externamente, non é que os faga ningún concelleiro do goberno, nin persoal de gabinete, senón que os fai unha empresa externa, e por iso lles conceden esas prórrogas, porque estiman que o nivel de execución e de funcionamento do programa é correcto, e é viable iso que están pedindo. Iso non sabe se é demagogia tamén.

Parécelle moi ben que o Sr. Andreu cando vaia por aí a pedir o voto diga que no concello non se fixo absolutamente nada, ou incluso menos que nada, é normal, pero dille que aquí teña un pouco de prudencia ao dicir as cousas, porque pode ver ese nivel de execución, ao que estaban facendo referencia, e van ver que está unha parte moi importante encamiñada. O Sr. Andreu coñece tamén a razón pola que o proxecto da Casa da Cultura sufriu atrasos, e se non o sabe vai lembrarllo, para que o saiba tamén todo o mundo, porque houbo que reformar o proxecto, precisamente para adecualo á limitación financeira, ao non obter ningunha resposta do goberno do PP na Xunta de Galicia, da Consellería de Cultura, ningunha resposta. Houbo que reformar o proxecto para rebaixar o importe máximo nun millón de euros, porque non houbo colaboración financeira, e dille ao Sr. Andreu que se pode rir, e ademais está ben que queden esas risas gravadas, para que as escoiten e as vexan os veciños e veciñas de Cambre.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que lle gustaría que achegasen a copia da escrito que presentou o Sr. concelleiro ante a Xunta de Galicia solicitando un só euro para a Casa da Cultura.

O Sr. alcalde pide orde.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo continúa dicindo que volve dicir que está ben que esas risas queden, e mesmo ese corte que fixo aquí o Sr. concelleiro, está ben que o fagan, porque non houbo colaboración de ningún tipo, pero igual que non houbo noutras cousas que nos próximos días se van saber tamén. Di que non levou el persoalmente eses trámites, pero que se lle poden achegar todos os escritos que o concelleiro popular queira, e nalgúns outros temas tamén el lle vai achegar escritos, pero diso falarán máis adiante, para que se vexa cal é o comportamento da Xunta de Galicia co Concello de

Cambre, e como os tratan. Di que non están a pedir nada máis que os outros, pero que polo menos os traten igual, polo menos que os traten cun mínimo de rigor, polo menos que os reciban, porque hai algún director xeral do que levan detrás del meses e meses, persoalmente, por teléfono e por escrito, pero nin os reciben, non é que non lles dean algo, é que nin os reciben. Ese é o tratamento que a Xunta do PP ten co Concello de Cambre, e iso está ben que conste nas actas e que se saiba, e é unha mágoa que vía televisión os veciños e veciñas non o poidan ver. Iso é o que hai, non hai ningunha demagogia, demagogia será para o Sr. Andreu, pero os datos din o contrario, que o nivel de execución é bo, efectivamente con atrasos, pero xustificadas e avaliados por uns datos técnicos conceden a prórroga para poder cubrir eses pequenos atrasos, e o da Casa da Cultura está clarísimo polo que é, problema de financiamento, nula colaboración institucional, e tiveron que buscarse a vida para poder ter un equipamento que é necesario, financiado cos fondos do FEDER, os da Deputación e os propios.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, simplemente para que quede constancia, o PP pediu ao Sr. concelleiro don Henrique Xabier Iglesias, que por favor lles faga entrega dunha copia da solicitude dalgún tipo de colaboración institucional da Xunta á Casa da Cultura, porque foi este goberno municipal o que non solicitou absolutamente nada á Xunta, e para que lles concedan algo o primeiro que hai que facer é pedilo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que, tendo en conta as alusións que se fixeron, o primeiro que quere dicir é que non se pode mentir, e que el mesmo e os técnicos municipais estiveron reunidos co director xeral de Cultura, teñen datas, polo tanto, pídelle ao Sr. concelleiro popular que non diga o que di, e que non defenda a un partido que non fixo nada por Cambre. Dille que está mentindo porque si que estiveron reunidos co director xeral, que veu aquí, e estiveron falando con el, e díxose que, no seu momento, intentarían meter no exercicio do ano pasado unha cantidade, que probablemente se financiaría a un 33%, despois se lles dixo que non había diñeiro, pero que se intentarían meter no orzamento. Non se meteu, polo que lle pide ao concelleiro popular que non defenda o indefendible e que defenda a súa función, que é traer diñeiro e facer cousas por Cambre, porque o que lle poden dicir os compañeiros de partido, hoxe están e mañá non están, e iso tamén lle pode pasar ao Sr. Andreu como concelleiro, pero pídelle que mentres estea diga a verdade e que defenda o de Cambre.

Continúa dicindo que lle cae a cara de vergonza que agora o Sr. Andreu diga que o equipo de goberno non actúa con responsabilidade, que hipoteca o concello, cando van facer unha obra de 3 millóns de euros sen que lle custe un duro a Cambre, nin un duro. Sinala que o PP segue a defender o do río Mero, cando saben e teñen arriba nas oficinas o compromiso de Augas de Galicia, aínda que cando lles interesa collen as cousas e cando non, non. Cando se fixo o convenio, os concelleiros saben que estivo aquí a Confederación, e houbo un acordo para que cando se terminara a obra se lle entregara a Augas de Galicia, que sería a encargada do mantemento e conservación, e que, ata agora, non fixo nada.

O que o PP de Cambre está pedindo, el non di que non sexa bo, ao contrario, oxalá haxa un paseo fluvial máis amplo e un carril bici, pero neste momento non hai nin o terreo, polo tanto cre que non hai que sacar as cousas do seu sitio. Que vén unha Casa da Cultura, que é necesaria, que non lles custa, amén a todo o que se dixo aquí, houbo atrasos, problemas, pero benvida sexa. É un regalo que non lles hipoteca nada, poderían ter feito outras cousas, pero isto non hipoteca nada do orzamento de investimentos. A nova corporación ten un orzamento virxe, que non van tocar no plan de investimentos.

Conclúe dicíndolle ao Sr. Andreu que hai cousas que lle parecen ben, que non hai escrito, pero que houbo reunións, e no libro da Xunta figurará escrito cando se recibiu aos técnicos e representantes do concello, e se o concelleiro popular non o ten, el mesmo llo facilitará o día que teñan unha reunión.

O Sr. Andreu Barallobre manifesta que iso é o que lle pide, que llo facilite, porque ao mellor é que está equivocado.

O Sr. alcalde contesta que el lle demostrará cando estiveron alí, que non se preocupe, pero que aquí son moi amigos de dicir cousas, como cando alguén dixo que tiña falado co conselleiro e que non ía vir a Vía Ártabra. El dilles que virá ou non virá, que hai a quen non lle interesa, pero que as palabras as leva o vento se non teñen fundamento, e cando se fala ante un pobo dos seus problemas, hai que estar moi asesorado. E quere dicirlles aos Sres. concelleiros do PP que está terminando esta lexislatura, este mandato, pero que lle gustaría que algún día dixeran publicamente en que teñen axudado ao equipo de goberno para conseguir diñeiro da Comunidade Autónoma para Cambre, que lle digan en que teñen colaborado.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que llelo di facilmente, que ás veces que lles pediron axuda, a tiveron, como non lles pediron axuda nunca, nunca a tiveron. Se a tiveran pedido, a terían obtido.

O Sr. alcalde responde que non tiñan que pedila, que o PP tiña un programa electoral para Cambre, e terían que ter pedido, por un lado o concello, e por outro o PP.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e don José Antonio Baamonde López; votan en contra os catro concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU, e as concelleiras non adscritas dona M^a Beatriz Ramos Padín e dona M^a Jesús Vieites Mariñas; e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por once votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar o proxecto “ENXEÑO” cun orzamento total de 1.926.908,51 € conformado polas accións incluídas nos ámbitos referidos, así como por un programa de xestión, os cales se detallan deseguido:

- **Ámbito: Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías**
 - Creación dunha Aula TIC
- **Ámbito: Protección e preservación do patrimonio cultural**
 - Casa da Cultura (2ª Fase)
- **Programa de xestión**
 - Plan de Promoción e Difusión
 - Auditoría externa

Segundo: De conformidade coa Resolución do 18 de febreiro de 2011, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproban as bases reguladoras da convocatoria 2011 de axudas do *Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional* (FEDER), para cofinanciar proxectos de desenvolvemento local e urbano durante o período de intervención 2007-2013, solicitar as axudas FEDER 2007-2013 para desenvolvemento local e urbano, para a realización do proxecto “ENXEÑO” presentado polo Concello de Cambre, co investimento que se indica:

Proxecto “ENXEÑO”	Importe
Orzamento TOTAL	1.926.908,51 €
Axuda FEDER solicitada (70%)	1.348.835,96 €
Achega municipal (30%)	578.072,55 €

A referida cantidade derívase da seguinte desagregación de actuacións:

PROXECTO “ENXEÑO”		TOTAL	AXUDA FEDER SOLICITADA	ACHEGA MUNICIPAL
		100%	70%	30%
Fomento da sociedade da información e as novas tecnoloxías				
1	Creación dunha aula TIC	25.000,00 €	17.500,00 €	7.500,00 €
Protección e preservación do patrimonio cultural				
2	Casa da Cultura (2ª Fase)	1.869.908,51 €	1.308.935,96 €	560.972,55 €
Programa de Xestión e Seguimento				
3	Plan de Promoción/ Difusión, Redes de intercambio	20.000,00 €	14.000,00 €	6.000,00 €
4	Auditoría externa	12.000,00 €	8.400,00 €	3.600,00 €
ORZAMENTO TOTAL		1.926.908,51 €	1.348.835,96 €	578.072,55 €

Terceiro: Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír nos orzamentos municipais correspondentes ao 2012 e 2013 o crédito necesario para o seu financiamento.

2º Toma de coñecemento do escrito presentado por dona Mª Jesús Vieites Mariñas no que solicita se lle considere como concelleira non adscrita

Os vinte concelleiros asistentes á sesión toman coñecemento da proposta de Alcaldía de data 21 de marzo de 2011 que consta do seguinte teor literal:

“Con data 7 de marzo actual rexístrase de entrada ao n.º 4290 escrito presentado por dona Mª Jesús Vieites Mariñas, concelleira do PP, no que solicita figurar como concelleira non adscrita, do que se deriva que abandona o grupo municipal do PP no que se tiña integrado no seu día.

Tendo en conta o establecido no art. 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción levada a cabo pola Ley 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, apartados primeiro e sexto:

“Para os efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigas que se establezan, con excepción de aqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de membros non adscritos.

(...)

Cando a maioría dos concelleiros dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados dela, serán os concelleiros que permanezan na citada formación política os lexítimos integrantes do dito grupo político a todos os efectos. En calquera caso, o secretario da corporación poderá dirixirse ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura para os efectos de que notifique a acreditación das circunstancias sinaladas.”

Tendo en conta que, en virtude do exposto, a condición de concelleiro “non adscrito” élo por mandato do lexislador.

A medio do presente, PROPOÑO ao pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

Tomar coñecemento da solicitude de dona Mª Jesús Vieites Mariñas para que se lle considere como concelleira non adscrita, do que se deriva que abandona o grupo municipal do PP no que se tiña integrado no seu día, e, para tal efecto, ter coñecemento da súa condición de concelleira non adscrita, iso en virtude do previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.”

3º Proposta de modificación do acordo adoptado polo pleno da corporación o 24 de febreiro de 2011 respecto da composición das comisións informativas

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de marzo de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior de data 24 de marzo de 2011.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros presentes do PP, e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez, don José Antonio Baamonde López e dona M^a Jesús Vieites Mariñas; e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita dona M^a Beatriz Ramos Padín.

A corporación, por dezaseis votos a prol, acordou:

Primeiro: Modificar o acordo adoptado polo pleno da corporación en sesión de 24 de febreiro de 2011 respecto da integración dos concelleiros non adscritos nas comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, así como na Comisión Especial de Contas, que quedan constituídas por 15 membros coa adscrición seguinte: 3 do PSdeG-PSOE, 3 do PP, 1 de EU-IU, 1 do GM (PG) e 7 concelleiros/as non adscritos/as, tendo en conta que o número de votos dos concelleiros de cada grupo municipal presentes na comisión informativa equivaldría ao número de votos de concelleiros do grupo no pleno da corporación, iso para non alterar a esixencia de proporcionalidade.

Segundo: Tomar coñecemento da adscrición de concelleiros do grupo municipal do PP ás comisións informativas segundo o escrito presentado pola súa voceira, segundo se transcribe a continuación:

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Felipe Andreu Barallobre	Goretti Pérez Eléxpuru
M ^a Jesús González Roel	Nicolás José Cubeiro Martínez
Santiago Manuel Ríos Rama	-----

B) Comisión Informativa de Asuntos Sociais, Sanidade, Persoal e Réxime Interior

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Felipe Andreu Barallobre	Goretti Pérez Eléxpuru
M ^a Jesús González Roel	Nicolás José Cubeiro Martínez
Santiago Manuel Ríos Rama	-----

C) Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Goretti Pérez Eléxpuru	Nicolás José Cubeiro Martínez
Mª Jesús González Roel	Santiago Manuel Ríos Rama
Felipe Andreu Barallobre	-----

D) Comisión Informativa de Urbanismo e Seguridade Cidadá

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Mª Jesús González Roel	Santiago Manuel Ríos Rama
Felipe Andreu Barallobre	Nicolás José Cubeiro Martínez
Goretti Pérez Eléxpuru	-----

E) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Santiago Manuel Ríos Rama	Nicolás José Cubeiro Martínez
Mª Jesús González Roel	Goretti Pérez Eléxpuru
Felipe Andreu Barallobre	-----

F) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo.

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Felipe Andreu Barallobre	Nicolás José Cubeiro Martínez
Goretti Pérez Eléxpuru	Santiago Manuel Ríos Rama
Mª Jesús González Roel	-----

G) Comisión Especial de Contas.

<u>Titulares:</u>	<u>Suplentes:</u>
Mª Jesús González Roel	Nicolás José Cubeiro Martínez
Goretti Pérez Eléxpuru	Felipe Andreu Barallobre
Santiago Manuel Ríos Rama	-----

4º Proposta de creación da Mesa Local de Comercio

Vista a proposta de Alcaldía de data 17 de marzo de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 24 de marzo de 2011.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros do PSdeG-PSOE, os dous concelleiros de EU-IU, e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e don José Antonio Baamonde López; e abstéñense os catro concelleiros presentes do PP, o concelleiro do GM (PG) e as concelleiras non adscritas dona M^a Beatriz Ramos Padín e dona M^a Jesús Vieites Mariñas.

A corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Crear a Mesa Local de Comercio do Concello de Cambre como órgano colexiado de participación, coordinación, cooperación e colaboración entre a administración local e os axentes representativos do sector comercial.

Segundo: Nomear como membros da mesa:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, alcalde do Concello de Cambre.
- Secretaria: Dona Verónica María Otero López, técnica de xestión de administración xeral.
- Vogais:
 1. Don José Antonio Baamonde López, presidente da Asociación “Empresarios e Empresarias de Cambre”, en representación desta.
 2. Dona Erundina Prado Arcay, presidenta da Asociación “Amas de casa, consumidores e usuarios” de Sigrás, en representación desta.
 3. Dona Guadalupe Armada Vázquez, presidenta da Asociación “Amas de casa e consumidores ‘Rosalía de Castro’ de Cambre”, en representación desta.
 4. Dona María Ángeles Míguez Mouzo, concelleira delegada da área de Promoción Económica e Emprego.
 5. Dona Ana María Portela Torrón, responsable da Axencia de Desenvolvemento Local do Concello de Cambre, en representación do concello.
 6. Dona Sonia Machín Herranz, axente de desenvolvemento local, en representación do concello.
 7. Dona Tristana Moraleja Gómez, xefa territorial do Concello de Cambre, en representación da administración autonómica.

Terceiro: Achegar o presente acordo á Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria e notificalo aos interesados.

5º Recurso de reposición interposto por don Antonio Varela Saavedra contra o acordo adoptado polo pleno da corporación o 30 de decembro de 2010 de

desestimación de indemnización por gastos xurídicos nos que incorreu no exercicio do seu cargo como alcalde na pasada lexislatura

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 24 de marzo de 2001 ditaminou deixar o asunto sobre a mesa ata que se emita un novo informe.

6º Recurso de reposición interposto por don Andrés R. López Arcay contra o acordo adoptado polo pleno da corporación o 30 de decembro de 2010 de desestimación de indemnización por gastos xurídicos nos que incorreu no exercicio do seu cargo como concelleiro de Urbanismo, Facenda e Réxime Interior na pasada lexislatura

A Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 24 de marzo de 2001 ditaminou deixar o asunto sobre a mesa ata que se emita un novo informe.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as trece horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Antonio Varela Saavedra

Mª Luisa de la Red Ampudia